

OllOs

de aula



ANO III - Nº 16 - Outubro 2014

Revista para as familias do alumnado

**Novo curso,
nova lei de
educación**

Que é a
aprendizaxe por
proxectos?

**Un menú para
a lingua**



12:59 PM

Andas pola Coruña e necesitas mellorar o teu nivel de galego?



Pois entón pode interesarche participar nos grupos de conversa "Xuntoiros". Tes toda a información en

<http://ir.gl/5f6229>

Menu

1:33 PM

A CGENDL pide a dimisión do Secretario Xeral de Política Lingüística pola súa incompetencia á hora de desenvolver a tarefa para a que foi nomeado. Podes ler a petición en <http://ir.gl/ccc8fe>



Xunta, librerías e editores poñen en marcha o programa "Venres nas librerías", que busca promover o encontro entre

lectores/as e autores/as. Infórmate dos autores/as e das librerías que participan en <http://ir.gl/a9480d>

SAMSUNG

12:45 PM

BlackBerry

3G

12:21

Se andas buscando pola rede dicionarios, correctores, aplicacións para o móbil ou calquera outra ferramenta lingüística relacionada co galego, non tolees, telos todos xuntos en <http://ir.gl/8f0894>

10:35

Este mes, grandes e pequenos da casa, tedes unha cita en Carballo co Festival



Internacional Outono de Teatro, que se vai celebrar entre o 3 de outubro e o 2 de novembro. Consulta a programación en <http://www.fiot.org>

O curso 2014-2015 comeza con novos recortes de profesorado. Mal asunto cando falamos da educación dos nosos fillos/as.

Revista editada pola CGENDL
www.coordinadoraendl.org
ollosdeaula@gmail.com
Deseño-maquetación:tallerDD.com

A pregunta

Como se crea hábito de traballo nos nenos/as?




Responde: M^{ra} Montserrat Castro Rodríguez

[Profesora da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña]

Como adoita pasar sempre que falamos de nenos/as, non existe unha receita ou unha fórmula máxica para conseguir este tipo de cousas. Aínda así, hai unha etapa na vida escolar que se presta especialmente para crear nos nenos/as hábitos de traballo, e é entre os 6 e os 8 anos, cando inician a Educación Primaria e empezan a traer deberes da escola e a ter que aprender algúns contidos de memoria. Pódese, e débese, aproveitar ese momento para ir creando rutinas que lles serán útiles no futuro, cando a dificultade e a cantidade das tarefas se incrementen. E neste terreo os consellos son os de sempre: que, cando menos entre semana, lles dediquen todos os días un tempo ás tarefas do colexio; que ese tempo sexa sempre no mesmo momento do día para ir adquirindo costume; que na casa haxa rutinas e orde para que lles sirva de exemplo; que teñan un espazo adecuado para o traballo; que, como pais e nais, lles valoremos o seu esforzo e saiban que estamos pendentes deles/as, sen que iso signifique que lles facemos as tarefas...

De todos os xeitos, estas indicacións dependen sempre do estado de madurez de cada neno/a. Nada poderemos conseguir, por exemplo, se o rapaz/a aínda non é quen de manter a atención ou de traballar sobre un mesmo tema un certo tempo. Aquí é onde os pais e nais temos a difícil tarefa de

saber que é o que necesita o noso fillo/a en cada momento.



Aínda que foi aprobada a finais do ano pasado, o curso 2014-2015 é o da estrea nas aulas da nova lei de educación, a LOMCE. O inspector Fernando Carrasco achéganos neste artigo as claves para poder entender a súa posta en marcha e os cambios máis inmediatos.

A estrea da nova lei de educación

Fernando Carrasco Mera

[Inspector de Educación]

Da LOE á LOMCE

Cómpre comezar sinalando que a Lei Orgánica de Mellora da Calidade da Educación non é propiamente unha lei xeral de educación, senón que é unha importante e completa reforma da Lei Orgánica 2/2006 de Educación. Polo tanto, a actual lei que ordena o sistema educativo do Estado español segue a ser a LOE, coas radicais reformas propostas pola LOMCE, quen tamén modifica en moito menor medida as seguintes leis educativas: a Lei Orgánica 8/1985, Reguladora do Dereito á Educación (LODE), a Lei Orgánica 5/2002, das Cualificacións e da Formación Profesional, e a Lei Orgánica 6/2001, de Universidades.

Os cambios curriculares nas diferentes etapas educativas entrarán en vigor segundo o calendario de aplicación da lei; o resto xa entrou en vigor 20 días despois da súa publicación no BOE, o día 10 de decembro de 2013. Non obstante, moitas das propostas precisan un desenvolvemento normativo que as comunidades autónomas non levaron a cabo e, polo tanto, nestes momentos pode haber, e de feito haino, un solapamento de diferentes normativas. Recalcar que todos os aspectos non curriculares da lei teñen plena vixencia, como por exemplo a condición de autoridade pública do profe-



sorado no exercicio das súas funcións, a garantía do castelán como lingua vehicular, as competencias dos consellos escolares dos centros, a función directiva...

Os cambios para este curso

En canto ás novidades no curso 2014-2015, está a implantación de 1º, 3º e 5º de Educación Primaria; deste xeito, nos centros educativos que imparten esta etapa educativa convivirán dous deseños curriculares diferentes. En consecuencia, desaparece a organización por ciclos educativos, só hai niveis ou

cursos. A materia de Coñecemento do Medio divídese en Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais. O ensino da relixión cobra máis importancia como materia optativa específica coa alternativa avaliable de

valores sociais e cívicos. Introdúcese como novidade nas programacións docentes os estándares de aprendizaxe. Transcendental vai ser a avaliación individualizada de todo o alumnado de 3º de EP, centrada no grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas.

O cambio máis importante é o establecemento da nova Formación Profesional Básica, que é unha etapa máis da Formación Profesional. Está dirixida fundamentalmente a alumnado de 15 e 16 anos que non é quen de superar a ESO, e que lle permitirá obter unha cualificación de nivel 1 do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais, ademais de darlle acceso aos ciclos medios de FP.



LOMCE

{APRENDIZAXE POR PROXECTOS}

Cando comeza un curso todo arrecende a novo: os libros, os cadernos, ata as mochilas e os estoxos locen impecables, dispostos a todo. Enchémonos de bos propósitos de traballo e, como tal, desde aquí tamén imos comezar a nova andaina falando dunha metodoloxía que leva moitos anos de camiño, pero que non acaba de implantarse realmente na nosa escola, malia todas as vantaxes que lles ofrece á rapazada e ao profesorado. Falamos da aprendizaxe por proxectos, tamén coñecida como a aprendizaxe do facer. O profesor/a organiza un proxecto de traballo de certa envergadura que implique a posta en marcha de mecanismos e habilidades variadas: lectura crítica, redacción, cálculo, uso de fontes de información diversas, creación e interpretación de gráficos, deseño de produto, etc. Pode implicar unha ou varias materias e ter unha

duración variable (semanas, un trimestre, o curso completo). O tema proposto obriga a aplicar coñecementos adquiridos, facilitando a aprendizaxe, a través deles, doutros novos. Normalmente o proxecto debe realizarse en grupo, polo que tamén é moi importante aprender a xestionar as opinións dos outros membros do grupo, escoitar,

chegar a acordos e asumir responsabilidades. Algúns exemplos de proxectos poderían ser: deseñar unha guía turística dun concello; crear un libro; construír un invernadoiro; facer un estudo sobre o uso de medios de transporte alternativos nun barrio; crear un vídeo, etc.

Traballar por proxectos educa na tarefa de resolver problemas dunha maneira eficaz. E hai algo que nos prepare mellor para a vida real ca semellante cousa?

CADENCIAS

Gracia Santorum

Para escoitar, aprender e bailar

Pitusa Semifusa [Olga Brañas. Ed. Galaxia]. E comezámolo cantando. Por que non? O mellor xeito de facelo é acudindo, unha vez máis, á Editorial Galaxia na súa colección “Sonárbore” e este delicioso libro-disco coas sempre estupendas e alegres ilustracións de Leandro Lamas: “Pitusa Semifusa” é unha nena que goza coa música e que decide amosarlles os diferentes instrumentos musicais aos demais nenos e nenas. Así que aprender e cantar convértense nun xogo inesquecible, xa que a calidade musical é incuestionable.



Para ler (pouco), mirar (moito) e xogar



Onde está o meu zapato? [Tomi Ungerer. Ed. Kalandraka]. Na procura dun zapato. Este é o xogo que nos propón un dos autores máis importantes do mundo, Tomi Ungerer, nun fermoso álbum que publica Kalandraka: *Onde está o meu zapato?* é un texto do ano 1964. Un álbum que contén texto tan só na primeira e última páxina para propoñernos un xogo visual onde o zapato perdido setransforma de cada volta. Así que estamos novamente ante a capacidade creativa dun xenio que nos sorprende coa súa imaxinación e o convencemento de que o lector ou a lectora entrará no seu xogo, gozando das posibilidades tan variopintas que ofrece un obxecto tan

simple coma un zapato.

Para ler (e emporcallarnos)

Lucía Cotriñas. A escada [Anni M. G. Schmidt e Fiep Westendorp. Ed. Lata de sal]. A súa autora foi merecente do Premio Hans Christian Andersen en 1988 e preséntanos un libro cheo de humor que nos pode lembrar a Pipi Calzaslargas. Unha nena que non pode pasar moito tempo sen se luxar porque estar limpa significa estar quieta e iso é ben aburrido. E porque, ademais, cada un é como é, e resulta ben difícil fuxir da natureza de seu. As ilustracións amosan as escenas tal cal, cun punto de humor e divertimento, ademais de crear uns personaxes moi expresivos.



Da lingua

Un menú *rico rico rico* para a lingua

Neste novo curso que vimos de comezar, desde o equipo de cociña da CGENDL queremos ofrecerlles aos comedores escolares un menú lingüístico equilibrado e saboroso, que favoreza o rendemento intelectual do alumnado e mellore a súa enerxía favorable ao uso da lingua galega. Agardamos que resulte do seu agrado.

Entrantes

Petiscos de lingua da que non nos come o gato ao saír da casa

Torradas de xouba con aceite de fricativa palatal xorda

1º prato

- Caldo verde con desinencias de infinitivo conxugado
- Empanada de sete vogais con toque picante de seseo das rías

2º prato

- Solombo con gornición de pronomes átonos ben colocados despois do verbo
- Caldeirada de plurilingüismo inclusivo (sen prexuízos que atrancan a gorxa)

Sobremesa

- Leite frito ao estilo das avoas de antes (con orgullo e con gheada)
- Torta de topónimos (fórmula tradicional, sen aditivos deturpadores)

Fagan favor, proben cada un destes pratos e gocen do delicado sabor da lingua galega no padal: un luxo ao alcance de todas aquelas familias que loitan por desterraren da súa dieta o colesterol da *ignorancia*.

